



AXUDAS A PROBAS INTERNACIONAIS 2016

Co fin de axudar aos nosos deportistas destacados e co obxecto de apoiar a súa proxección internacional, convócanse as seguintes axudas a probas internacionais.

A Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno, axudará os seus deportistas de alto nivel, na medida das nosas posibilidades e naqueles casos nos que as respectivas Federacions Españolas (Triatlón e Péntatlon) non o fagan.

O límite de deportistas que accederán finalmente a estas axudas e o importe da mesma dependerá da contía económica dispoñible así como do cumprimento dos seguintes criterios.

Criterios xerais de adxudicación:

- 1.- Deportistas becados no CGTD
- 2.- Proxecto deportivo enfocado a probas internacionais que den puntos para mellorar nos ranking ITU e/ou abran portas reais de clasificación para convocatorias internacionais con especial atención a Xogos Olímpicos e Paralímpicos.
- 3.-Deportistas convocados e confirmados para campionatos por seleccións autonómicas
- 4.- Resultados deportivos internacionais tempada 2016
- 5.- Compromiso de futuro, asinado co adestrador/a e a Dirección Técnica.

*** O prazo límite de presentación de solicitudes será o 24 de Xuño de 2016 e débese acompañar dun proxecto deportivo pluri-anual (2016-17), exceptuando os casos nos que a planificación deportiva dependa na actualidade da Dirección Técnica da Fegatri.**

Todos aqueles deportistas interesados deberán de dirixir a súa solicitude á Federación Galega de Triatlón (fegatri@hotmail.com).

Aplicación dos criterios xerais:

Criterio 1.- Os deportistas Becados no CGTD no curso 2015-2016 multiplicarán por 2 a puntuación obtida no apartado catro.

Criterio 2.- Proxecto deportivo a valorar por XD ata un máximo de **8 puntos**

Criterio 3.- Exclúinte no caso de deportistas que rechazen a convocatoria ou non xustifiquen debidamente a súa ausencia no autonómico 2016

Criterio 4.- Resultados deportivos. Terase en conta a mellor puntuación obtida polo deportista dentro do seguinte baremo

CRITERIO POR RESULTADO		Puntos
Nivel I	Participación en Copa continental- ITU	3
Nivel I	Participación en Campeonatos de Europa e do Mundo en modalidade non olímpica (ITU)	3
Nivel I	Participación en proba internacional no draft Categoría PRO	3
Nivel II	TOP 20 en CC ITU	5
Nivel II	TOP 5 en C Europa ITU, C Mundo ITU modalidade non olímpica e proba non draft internacional Categoría PRO	5
Nivel III	Participación en Copa do Mundo – ITU	6
Nivel IV	TOP 30 en CM - ITU	10
Nivel V	Participación en series mundiais – ITU	12
Nivel V	Participación en Copa do Mundo Pénatlon – UIPM	12
Nivel V	Participación en World Paratriatlon Event	12
Nivel VI	TOP 40 series mundiais – ITU (en 1 proba)	15
Nivel VI	TOP 36 Copa do Mundo Pénatlon – UIPM (en 1 proba)	15
Nivel VII	Participación en Xogos Olímpicos - Paralímpicos	25

* Terase en conta únicamente os resultados en categoría “Elite/PRO”

Criterio 5.- Excluínte